

EMERGENTES

Verónica Martínez

Exprofesora do Porta da Auga e poeta que presenta o volume 'Obra reunida 1994-1998'

«O erotismo é o que nos diferencia ós seres humanos dos animais»

POR: **RUBÉN DE ROSENDE**

FOTO: **J. VÁZQUEZ**

Que podemos encontrarnos nesta 'Obra completa'?

Todo o que escribín en poesía dende o ano 94 ata o 2008. En total hai sete libros e casi setecentas páxinas, nunha edición que é bilingüe, con traducións feitas por min. Na miña poesía hai varios puntos en común, e sobre todo un reflexo de dor, de sufrimento humano, como ben describe Luis Luina no prólogo. O lector pode apreciar a evolución desa dor ó longo do tempo: ó principio vese como se parte de ser unha vítima, cara un dos últimos libros xa falo da saída desa dor. Tamén abundan as referencias a outros artistas, escritores ou pintores.

Unha das características da súa obra é o erotismo. Ten moita relación coa dor?

Esperemos que non! Aínda que cando desexamos algo, hai sufrimento. É inevitable xa que non vas ter sempre o que queres. Por eso na parte erótica tamén hai algo de dor; dor polo que non se pode alcanzar.

Cre que o ser humano é erótico por natureza?

É o que nos diferencia dos animais. Para min forma parte da vida mesma.

